

Non son “mercados”, son persoas avarentas que xogan coas nosas vidas para aumentaren as súas fortunas. Son Emilio Botín, Alfredo Sanz, Amancio Ortega, Florentino Pérez, Manuel Jove...

Os estados emiten Bonos para financiar a súa economía, comprometéndose a devolver ao comprador o valor total do bono máis intereses.

Os principais compradores de débeda pública son os bancos e os fondos de especulación (chamados de investimento) que representan as grandes multinacionais e aos ricos e poderosos. Agora especulan coa débeda pública da mesma forma que especulan co prezo da vivenda, do petróleo ou dos alimentos.

O CÍRCULO VICIOSO DA

DÉBEDA PÚBLICA

As tres grandes axencias privadas de cualificación son as norteamericanas: Standars & Poor's, Moody's e Fitch. As mesmas que nunca advertiron da crise e que cualificaron con AAA (nota máxima) as hipotecas lixo, a empresa Enron ou o banco Lehman Brothers xusto antes das súas quebras.

Quen determina a solvencia dos estados non é un organismo público e independente senón AXENCIAS PRIVADAS DE CUALIFICACIÓN, que seguen a lóxica asasina do seu beneficio. Os seus informes son subxectivos e interesados para favorecer aos especuladores.

A PRIMA DE RISCO son os maiores intereses que esixen os especuladores (compradores) por mercaren a débeda dun estado fronte a Alemaña. Se a prima de risco do Estado español son 520 puntos básicos significa que os especuladores cobran un 5'2% máis de intereses polo bono español respecto ao bono alemán.

Canto maior é a prima de risco maiores son os intereses que o estado paga aos compradores da débeda.



COMO NOS ROUBAN COMO NOS ENGANAN?

COÑECE O QUE ESTÁ PASANDO



Confederación Intersindical Galega

1 de xullo, MANIFÉSTATE COA CIG

14 verdades

**NON É UNHA CRISE,
É UN SAQUEO!**



que explican o saqueo dos multimillonarios contra a clase traballadora

1. No ano 2009 no inicio da crise, **a débeda pública do Estado español era das máis baixas da Unión Europea**, o 40% do PIB (riqueza total creada polo Estado nun ano). Desde aquela, a débeda aumentou bruscamente até o actual 68'5% do PIB. Por que?

2. O espectacular incremento desta débeda nos últimos anos débese a que **o Estado**, gobernado tanto polo PSOE como polo PP, **está pagando a débeda dos bancos**, máis de 250.000 millóns de € en tres anos. É dicir, pagamos todos e todas nós a débeda privada dos bancos.

3. Na actualidade **a débeda privada convertida en pública do Estado español continúa sendo das máis baixas da UE**. A débeda de Alemaña, Francia, Bélxica e Reino Unido supera o 80% do seu PIB. En cifras absolutas Alemaña debe dúas veces e media máis que o que debe o Estado español.

4. O Estado Español e Portugal son **os que menos gastan en proporción ao PIB en gasto público social** da UE (prestacións por desemprego, pensións, sanidade, ensino, etc.) pero nos últimos anos reduciron as nosas pensións e os nosos salarios, as axudas públicas (renda de emancipación, bolsas de estudo, escolas infantís...), perdemos dereitos no traballo e sufrimos grandes recortes en sanidade e ensino.

5. Nestes tres últimos anos **o Banco Central Europeo entregou máis de 3 billóns de € á banca privada**. O diñeiro do Banco Central póneno os Estados membros. O 8'4% dese diñeiro págao o Estado español.

6. Os bancos europeos **reciben este diñeiro a un interese do 1%** e despois especulan con eses cartos mercando débeda pública dos mesmos estados europeos e **cobrando un mínimo dun 4, 5 ou 6% de interese**. Un negocio redondo que pagamos todas e todos. Por que o Banco Central Europeo non lle dá o diñeiro aos estados en vez de llo dar á banca?

7. O goberno **recortou 10.000 millóns de € en sanidade e ensino**. Meses despois **entregou 23.000 millóns de € a Bankia** obrigándonos a pagar a fraude e a especulación dos dirixentes desta entidade.

8. Rodrigo Rato, expresidente de Bankia e exministro do PP, **cobrou durante o último ano pola súa excelente xestión en Bankia 2'34 millóns €** (como mínimo). Unha persoa mileurista tería que traballar máis de 167 anos para ingresar esa cantidade. Bankia é o banco do PP, no seu Consello de Dirección a maioría son expolíticos do PP das Comunidades de Madrid, Valencia e Castellón.

9. Para pagar a débeda dos Bancos, a maiores das reformas, o PP **conxelou, por primeira vez na historia, o Salario Mínimo Interprofesional** (641'40€), prexudicando a máis de sete millóns de persoas, as máis pobres. Contrariamente, non reduciu as achegas á Igrexa Católica, que recibirá como mínimo 11.000 millóns de € dos orzamentos do Estado e seguirá tendo exención fiscal.

10. A reforma sanitaria **deixará a máis de dous millóns de persoa sen cobertura**. As persoas maiores de 26 anos que non cotizasen dous anos á Seguridade Social, non terán dereito a médico de cabeceira e terán que pagar as probas e os medicamentos. Tamén se establece un imposto sobre a enfermidade: quen máis enferme pagará máis.

11. As familias terán que **pagar até un 66% máis para mandar as súas fillas e fillos á Universidade**, o que, na práctica, pode significar un incremento superior aos 540€. Cantas familias traballadoras poderán asumir ese gasto? Queren que só fagan carreira os ricos.

12. Segundo o informe da Axencia Tributaria (Facenda) do ano 2011, as grandes empresas do Estado (Repsol, Telefónica, Inditex, ACS, Gas Natural, Endesa, FCC...) **desvían cada ano a paraísos fiscais máis de 60.000 millóns de €, case o dobre do déficit do Estado para este ano. O**

control desta fraude significaría que o estado non tería déficit.

13. Pero a perversión máis grande, sabes cal é? **Os mercados financeiros que especulan** coa débeda dos Estados e esixen uns intereses máis altos e que se pague a curto prazo, **son precisamente os bancos aos que lles pagamos a súa débeda** e as grandes empresas que desvían o diñeiro a paraísos fiscais. Os mercados son persoas, son os donos destas empresas, os que toman as decisións. Botín, Amancio Ortega, Florentino Pérez, os multimillonarios europeos e americanos. Son tamén aqueles aos que o PP lles aprobou unha amnistía fiscal para pagaren só o 10% do que defraudan. Isto é o capitalismo.

14. Necesitamos unha **banca pública, que non especule nin roube para enriquecer os seus propietarios**. Unha banca galega que asegure o crédito ás pequenas empresas e á clase traballadora para que funcione a economía. **Necesitamos ter control e soberanía da riqueza que creamos**. Non podemos consentir que Europa nin España nos prohiban facer barcos no noso sector naval, que nos deixen sen caladoiros sendo a maior flota europea de pesca, que acaben coa nosa industria alimentaria e teñamos que mercar todo de fora (leite, patacas, millo). Esta Xunta do PP está vendendo Galiza aos intereses dos poderosos e das multinacionais.